

FOLLAS NOVAS 6

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2021


Lydia Fontoira Suris





Recensión: *Espazos de Rosalía en Compostela. Un paseo por Santiago con Rosalía de Castro*
de Mercedes Espiño

Espazos de Rosalía en Compostela.

Un paseo por Santiago con Rosalía de Castro

 Mercedes Espiño



 Santiago de Compostela
 A.C. O Galo / Concello de Santiago
 2020
 190 pax.

RECENSIÓN

Lydia Fontoira Suris
lydia.fontoira@gmail.com

Inicio a lectura do libro *Espazos de Rosalía en Compostela. Un paseo por Santiago con Rosalía de Castro* con interese pola novidade que representa o achegamento a Rosalía que fai a profesora Mercedes Espiño Amil. Colle a Rosalía e fai con ela un percorrido vital e cultural-turístico pola cidade que a veu nacer. Nova forma de coñecermos mellor á maior das figuras da nosa cultura.

Efectivamente, esta obra participa do espírito turístico, tan importante hoxe en día, ofrecendo a Compostela unha interesante e documentada oferta de acción cultural para a cidade e para os propios composteláns, que probablemente descoñecen moitos dos datos que sobre Rosalía aquí se nos ensinan. Así mesmo, constitúe un achegamento novo e moi documentado á súa vida e á da súa familia, transmitido, ademais, de xeito moi ameno.

Ábrese o libro cun interesante “Limiar” de Francisco Rodríguez Sánchez. Nel vaíse debullando a íntima relación de Rosalía coa súa cidade de nacemento e na que viviu a maioría da súa vida. Esta relación, ata o de agora, segundo nos explica o autor do prólogo, non se ten aproveitado para dar unha visión alternativa e diferente de Compostela que non sexa a dominada pola visión dela como broche do camiño de peregrinación. Francisco Rodríguez aproveita para falarnos do valor existencial de Rosalía para facer fronte a un programa vital difícil: soerguer o pobo galego, conciencialo da súa valía,

como idea, e vivir da escrita literaria como realidade. E tamén nos traslada, desde logo, a gran calidade e riqueza da obra rosaliana.

Comeza a obra co apartado “Itinerario”, termo de valor polisémico que nos suxire á vez un percorrido físico, ruando a cidade, mais tamén emocional da vida da grande escritora. O itinerario será todo o libro. Será como un novo camiño pola cidade. Aquí estamos ante un listado dos 22 lugares composteláns –nada menos!-, relacionados con ela, e dos que se nos vai falar minuciosamente máis adiante. Así comprendemos de vez a intensidade da relación Rosalía-Compostela.

En “Rosalía... cando e onde” temos o itinerario físico-emocional, unha presentación rápida do percorrido vital de Rosalía e os lugares onde se desenvolveu. Comeza, pois, no momento do seu nacemento. Nesta obra dáse a data do 24 de febreiro de 1837 porque aínda se descoñecían os documentos, de moi recente publicación, que demostran que naceu o día 23 dese mes. E chegamos ata a data da súa morte, o 15 de xullo de 1885, na Matanza, Padrón. Nesta parte indícanse, brevemente, todos os lugares e domicilios nos que vai transcorrendo a vida de Rosalía e a súa familia. Mesmo se anotan as estancias máis curtas. Hai anotación nova cada vez que hai un movemento documentado.

Seguen 22 capítulos, correspondentes a 22 “Puntos” –así se chaman na obra-, ou lugares de Santiago de Compostela nos

que se desenvolveu gran parte da vida de Rosalía. Cada punto pode centrarse nun único sitio, ou facer referencia a unha zona da cidade, e englobar, polo tanto, varios lugares ou enderezos próximos entre si. Cada un destes puntos complementábase con textos, en número variable, relacionados co lugar e co momento vital correspondente.

A presentación dos lugares traza unha liña xeográfica lóxica para deambular pola cidade, a modo de amplísimo roteiro literario da escritora. Este intento de cinxirse ao espazo supón que, en troques, teñamos constantes saltos no tempo da vida de Rosalía. No primeiro dos puntos coinciden o espazo e o tempo, Conxo, o concello onde naceu, hai xa moito tempo integrado no de Santiago. Imos subindo desde o sur da cidade, e percorrendo lugares ás veces xa desaparecidos, como a estación do ferrocarril de Cornes, e outros novos, posteriores a ela, coma o seu propio monumento no que antes era o Paseo da Ferradura de Santiago, mudado en Paseo das Letras Galegas, que se vai enriquecendo pouco a pouco con homenaxes escultóricas a outros escritores. Hai tamén algúns puntos que non se relacionan directamente coa súa vida, pero si indirectamente, como a Rúa de San Clemente, onde está o IES que leva o seu nome, ou o monumento a Manuel Ventura Figueroa. O derradeiro lugar estudado é San Domingos de Bonaval, o antigo convento en cuxa igrexa está o Panteón de Galegos Ilustres, onde repousan os restos de Rosalía desde maio de 1891.

A relación de lugares é exhaustiva e sempre acompañada de descrições en que se nos dan os datos esenciais da historia dos edificios, dos elementos arquitectónicos e das finalidades que asumiron ao longo dos anos. Logo establece a relación con Rosalía.

Ao fío desas descrições, e a través dos textos seleccionados que acompañan o estudo en cada punto, imos coñecendo tamén algo da historia social e ata bélica acaecida en Santiago naquel tempo. Así nos achegamos ao Banquete Democrático de Conxo, sobre o que se nos dan explicacións históricas acerca da súa orixe, e podemos ler os famosos brindes de Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Luís Rodríguez Seoane. E tamén coñecemos de primeira man tristes lembranzas do día da Batalla de Cacheiras, 23 de abril de 1846, en que as tropas de Miguel de Solís foron derrotadas, e que Murguía –daquela un rapaz de 13 anos- rememora nun artigo escrito dez anos máis tarde e que reeditará varias veces ao longo da súa vida.

A capacidade de transmisión de datos de carácter diverso que ten a obra é rechamante, e o mesmo se nos fala de aspectos pouco coñecidos de Rosalía, como o feito de que parece que tivo un irmán, que sería maior ca ela, que morreu na infancia; como das importantes dificultades económicas polas que pasou a familia en moitos momentos, véndose mesmo obrigados a vender os seus libros para subsistir, así como os numerosos

cambios de domicilio en procura dunha morada máis axeitada aos seus recursos; como se nos informa das diferentes marcas de propiedade que figuraban nas fachadas das casas antigas de Santiago, a do Cabido, a do Concello etc., moitas aínda se conservan hoxe. Tamén precisa a autora as estancias de Rosalía noutros lugares diferentes a Santiago e cando se produciron. Recibimos sempre moita e coidada información.

No desenvolvemento da obra insírense constantemente textos que apoian documentalmentemente as afirmacións da autora o que, desde o meu punto de vista, lle confire profundidade, e tamén movemento e atractivo.

Dos 63 textos complementarios que acompañan os diferentes puntos, aínda que maioritariamente son de Rosalía, hai 11 que pertencen a outras plumas, case todas coñecidas. Mercedes Espiño seleccionou 2 textos de Aurelio Aguirre, 1 de Eduardo Pondal, 1 de Luís Rodríguez Seoane, 1 de Manuel María, 1 de Federico García Lorca, 1 dun correspondente en Pontevedra do xornal *Heraldo*, de Madrid, 3 de Murguía e 1 de Manuel Curros Enríquez. Como vemos, non todos son coetáneos de Rosalía, pois se selecciona un artigo de Manuel María publicado en *A Nosa Terra* e mais un poema de Federico García Lorca dedicado a Rosalía, un dos *Seis poemas galegos*. A poesía de Rosalía está representada por poemas de *Cantares gallegos*, *Follas novas* e *En las orillas del Sar*, pero tamén se recollen textos de *A mi madre* e algúns poemas

non coleccionados nas súas grandes obras. Moitos dos anacos seleccionados son en prosa, entre outros: cartas a Murguía ou pasaxes das súas novelas *La hija del mar*, *Flavio*, *El caballero de las botas azules* e *El primer loco*.

A obra está ben fornecida de ilustracións e de complementos que a enriquecen e que tamén enriquecen ao lector. Temos, así, os retratos coñecidos de Rosalía, un plano coa localización dos 22 lugares composteláns, as árbores xenealóxicas da familia formada por Rosalía e Murguía e as das familias materna e paterna dela, fotografías diversas e outras interesantes ilustracións. Ten tamén un apartado de “Bibliografía” e un “Índice”. Enriqueceríase, quizais, cun índice dos textos complementarios.

Temos ante nós un libro de manifesta modernidade polo seu orixinal achegamento á vida de Rosalía, ben traballado, atractivo e ameno. Tamén ten un acercamento novo á cidade de Santiago, que imos coñecendo amplamente da man da escritora. Ambas as realidades, Rosalía e Compostela, complementáanse e enriquecéanse mutuamente. Santiago por ser patria chica e destino de moitos anos de vida dunha figura de aceptación universal; e Rosalía porque esta cidade tan fermosa, culta e especial, soubo alentala nas súas esperanzas, agochala nas súas coitas e sempre servirlle de inspiración.

A obra paréceme enormemente atractiva, e desenvolta con rigor e seriedade. Unha felicitación para a autora, a profesora Mercedes Espiño Amil. Recomendo a súa lectura e, sobre todo, espero que transcenda tamén como obra técnica literario-turística que sirva de fundamento para que se creen visitas en Santiago inspiradas en Rosalía. *Espazos de Rosalía en Compostela* é unha achega nova e interesante que vén a incorporarse con mérito aos estudos sobre Rosalía.

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Boiro



CONCELLO
DE
BOIRO



CASA DE ROSALÍA

CINCUENTA ANIVERSARIO 50

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO